

PLAN ANUAL DE LECTURA E PROGRAMA DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Curso 2023 - 2024



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. OBXECTIVOS, LIÑAS DE ACTUACIÓN E INDICADORES	3
2.1. OBXECTIVOS XERAIS	3
2.2. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR	4
2.3. CONCRECIÓN ANUAL DOS OBXECTIVOS	7
3. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR	12
4. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA ESCOLAR	15
5. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN	22
6. PROCEDEMENTO DE DIFUSIÓN DO PLAN	22

1. INTRODUCCIÓN

O **Plan Anual de Lectura e Programa de Biblioteca Escolar** é un programa de obxectivos, accións e actividades que constitúe a **concreción anual do Plan de Lectura e do Plan de Biblioteca**. Tratamos de deseñar un plan adaptado ás características e necesidades do noso IES coa finalidade de promover e fomentar a lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Este Plan artéllase arredor da concepción da Biblioteca Escolar (BE) como un dos principais axentes dinamizadores do Centro e espazo de referencia de recursos da lectura, da información, da experimentación e da aprendizaxe. O papel da BE é fundamental no día a día do instituto, a través da dinamización de actividades que implican a maioría dos departamentos didácticos, así como outros órganos da nosa contorna (a Biblioteca Municipal, o Centro de Primaria etc.).

Resulta fundamental involucrar a toda a comunidade educativa no proceso de adquisición do hábito lector e, deste xeito, mellorar a comprensión lectora do noso alumnado, o que incidirá positivamente no desenvolvemento da competencia comunicativa. A comprensión lectora é unha ferramenta indispensable para a adquisición de novas aprendizaxes e para o desenvolvemento persoal do alumnado.

Con este Plan Anual de Lectura e Programa de Biblioteca Escolar téntase conseguir que o alumnado, ao remate dos seus estudos e con relación á súa idade, posúa as **competencias comunicativas** necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional e garantir, ademais, un bo funcionamento da BE.

2. OBXECTIVOS, LIÑAS DE ACTUACIÓN E INDICADORES

2.1. OBXECTIVOS XERAIS

Este Plan é a concreción anual para o curso 2023-2024 do Plan de Lectura e do Plan de Biblioteca e constitúe un programa de obxectivos e accións programados para este curso encamiñados ao logro dos obxectivos xerais establecidos nos dous documentos antes mencionados.

2.2. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR (CURSO 2023-2024)

Recóllense a seguir as principais actuacións previstas na Biblioteca Escolar para o presente curso, presentadas na convocatoria do PLAMBE 23-24, destinadas a contribuír ao cumprimento dos obxectivos marcados:

En relación coa organización e xestión:

- **Coordinación.** Establecerase unha hora semanal de coordinación do Equipo da BE e asignaranse tarefas a cada integrante. Periodicamente, o Equipo reunirse con algún membro da Dirección ou do Claustro para organizar as actividades programadas. Ademais, unha vez ao trimestre reunirse a Comisión de Biblioteca no Consello Escolar.
- **Catalogación e expurgo.** Dedicaranse parte das horas de garda a estas tarefas. Durante o primeiro trimestre do curso tódolos integrantes do Equipo se formarán no manexo do programa de xestión de fondos se é que non o estivesen xa.
- **Experimentación.** Continuarase coa reorganización do espazo da BE tentando crear un lugar para provocar experiencias motivadoras con recunchos diversos (lectura informal, traballo individual e grupal, recanto tecnolóxico etc.). Aproveitaranse os materiais e recursos existentes no Centro (ex. recursos de Polos Creativos) para organizar actividades que fomenten a experimentación.

En relación cos recursos da Biblioteca:

- **Actualización.** Adquiriranse novos fondos atendendo ás eivas detectadas e ás suxestións e necesidades do alumnado, dos departamentos didácticos, do Club de lectura e dos proxectos desenvolvidos no Centro. Habilitaranse mecanismos para facer suxestións.
- **Promoción.** Dinamizaranse os fondos e as novas adquisicións mediante boletíns de recomendacións, exposicións, difusión de novidades etc., tanto no espazo físico da BE como a través das redes.
- **Interdisciplinaridade.** A BE buscará ser un eixe de coordinación entre os distintos departamentos e equipos do Centro e a principal fonte de recursos para o desenvolvemento das materias e proxectos, podendo usarse tamén como espazo para realizar actividades. Fomentará o deseño e posta en práctica de estratexias, actividades e proxectos transversais e colaborativos relacionados cos contidos curriculares dos diferentes niveis que contribúan ó desenvolvemento das competencias clave do alumnado. A BE será a principal fonte de recursos para o desenvolvemento da materia de Proxecto Competencial.

- **Innovación.** A BE buscará ser o elemento central da innovación pedagóxica, proporcionando recursos tanto ó profesorado como ao alumnado.
- **Dixitalización.** En colaboración co Equipo TIC, optimizaranse os recursos existentes: ordenadores, tabletas, cámara... Fomentarase o uso e creación de materiais e actividades na rede (gravación de vídeos e podcasts etc.). Continuarase coa xestión das RRSS para a difusión das actividades e dos fondos.

En relación coa formación de usuarias/os:

- **Formación de usuarios.** Ao inicio do curso formarase ós usuarios da BE, especialmente ós novos de 1º ESO, tanto na busca no espazo físico da BE como no uso da plataforma E-LBE.2.
- **Voluntariado.** Continuarase a formar tamén axudantes de Biblioteca para que se impliquen na xestión e na organización de actividades.
- **Competencia informacional.** Promoveranse actividades de análise e/ou creación de contidos dos medios de comunicación e información e das redes sociais (ex. traballo con fake news) para contribuír á mellora das competencias do alumnado no acceso e no tratamento crítico da información.

En relación co fomento da lectura:

- **Programación de actividades.** Ao inicio do curso elaborárase o Plan anual de lectura e actividades da Biblioteca, que concreta o Proxecto Lector, no que aparecerán descritas e temporalizadas as actividades previstas. Inclúiranse actividades de fomento da lectura e da escritura, de creación literaria e de traballo coa información, así como outras nas que aparezan a música, o cine, o debuxo... como elementos dinamizadores. Este documento servirá de orientación para o Claustro.
- **Gamificación.** Introducirase a metodoloxía da gamificación no desenvolvemento de actividades de fomento da lectura e de traballo coa información.
- **Clubs de lectura.** Continuarase co Club de lectura Ortegalendo e tentarase propoñer un grupo para adultos.
- **Hora de ler.** Continuarase con ela na ESO para crear e manter o hábito lector.
- **Publicacións.** continuarase coa revista escolar *O Sabichómetro*. Prevese publicar tres números por curso.

En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva:

- **Inclusión.** Promoveranse as actividades e experiencias dende a flexibilidade: aprender doutras maneiras e promover prácticas inclusivas que dean resposta ás diferentes necesidades do alumnado.
- **Equidade.** A BE é un axente de compensación social, por iso contará cun número significativo de exemplares das obras de lectura obrigatoria para evitar que o alumnado deba compralas e con equipamento informático e acceso a internet á súa disposición.
- **Diversidade.** Adquiriranse fondos que aborden temáticas que contemplan a diversidade (funcional, familiar, sexual, cultural...), promovendo unha actitude normalizadora, visibilizadora, respectuosa e sensibilizadora. Aumentaranse os fondos de lectura fácil e destinados ó alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe ou necesidades educativas especiais, alumnado inmigrante etc. Todos os materiais adaptados dos que vaia dispoñendo a BE poñeranse en valor.
- **Convivencia e visibilización.** A BE é un espazo de convivencia que estará aberto á comunidade. Ofertaranse actividades cun enfoque participativo que funcionen como punto de encontro entre alumnado, profesorado, familias e veciñanza. Continuarase coa iniciativa dos Recreos de Micro Aberto.
- **Implicación e colaboración.** Buscarase maior participación do Claustro e das familias e manter a colaboración co Concello, coa Biblioteca Municipal e coa BE do CEIP adscrito.
- **Accesibilidade.** Promoveranse os espazos accesibles, practicables e diversos. Accesibilidade arquitectónica (seguirase traballando na renovación do mobiliario), humana (dando axuda, apoio e comunicación adaptada) e material (adquirindo fondos documentais adaptados).

Outras actuacións:

- **Sustentabilidade.** Dende a BE contribuirase á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da ONU (ODS 2030), elixindo un lema anual e/ou deseñando actividades que teñan que ver con algún destes obxectivos.
- **Formación.** O Equipo da Biblioteca continuará a súa formación en relación coas BE.
- **Actividades complementarias.** Na medida do posible, organizaranse saídas, obradoiros, encontros con autores, visitas a medios de comunicación ou a editoriais, entre outras propostas.

En relación coa avaliación:

- **Avaliación.** Avaliarase a calidade dos servizos prestados pola BE e o desenvolvemento e resultado das actividades realizadas dende unha dobre

perspectiva. Realizarase unha autoavaliación durante as reunións de coordinación semanais do Equipo da BE e unha heteroavaliación por parte da comunidade educativa ó final do curso a través de enquisas. Valoraranse aspectos como: asistencia á BE, participación da comunidade educativa nas actividades desenvolvidas etc. Perfeccionaranse e aplicaranse os instrumentos usados nos cursos anteriores. A información obtida recollerase na memoria final.

2.3. CONCRECIÓN ANUAL DOS OBXECTIVOS (CURSO 2023-2024)

Partindo dos obxectivos xerais marcados no Plan de Lectura e no Plan de Biblioteca e das liñas de actuación prioritarias presentadas no PLAMBE, prevense os seguintes obxectivos e accións para este curso 2023-2024:

Obxectivo	Accións	Indicadores
OBX1: Promover e coordinar os espazos e os tempos para a lectura no Centro. Buscar novos espazos de encontro e diálogo entre o alumnado e o profesorado fóra da aula.	Coordinación e desenvolvemento da Hora de ler na ESO.	– O 75% do profesorado e do alumnado cumpriu co calendario da Hora de ler.
	Participación do IES Cabo Ortegal na convocatoria de Clubs de Lectura 2023-2024.	– Desenvolvéronse un mínimo de dous grupos de lectura no Centro. – Participou no Club de lectura o 20% do alumnado, como mínimo.
OBX2: Fomentar a lectura e a escritura, dentro e fóra do centro educativo. Crear novos lectores entre o alumnado.	Dinamización dos fondos e das novas adquisicións da BE a través de exposicións de libros, da elaboración e difusión de boletíns de recomendacións de lectura sobre novidades ou temáticas específicas etc., tanto no espazo físico da BE como a través das redes.	– Creáronse exposicións de libros arredor do Samaín, o Mes da Ciencia e o Día do Libro, cando menos. – Mantívose ao longo de todo o curso na entrada da BE un espazo dedicado á exposición das novas adquisicións. – Realizáronse publicacións nas redes sociais da BE difundindo as novas adquisicións. – Elaboráronse recomendacións de lectura para as vacacións do Nadal.
	Desenvolvemento de concursos e actividades de creación literaria no Centro e difusión de certames convocados por outras entidades.	– Organizouse, cando menos, un concurso literario no Centro. – Anunciáronse os principais certames e concursos destinados ao alumnado a través dos taboleiros de novidades e/ou das redes sociais.

	Desenvolvemento de encontros con escritores.	– Organizouse, cando menos, un encontro cunha autora ou autor no Centro.
	Elaboración de orientacións para o Claustro sobre as intervencións que o Centro leva a cabo en relación coa escritura, a lectura e as habilidades informativas.	– Elaboráronse o Plan de Lectura, o Plan de Biblioteca e o Plan anual de lectura e programa da Biblioteca Escolar.
OBX3: Fomentar o traballo coa información e contribuír ó desenvolvemento da competencia informacional do alumnado. Incorporar as tecnoloxías da información e a comunicación nas actividades da BE para que o alumnado aprenda a utilizalas e a analizar de forma crítica a información que se obtén delas.	Fomento no alumnado do hábito de consultar a prensa diaria.	– Mantívose ao longo de todo o curso no vestíbulo do Centro un taboleiro con novas actualizadas extraídas de distintos medios de comunicación escritos.
	Desenvolvemento de iniciativas que fomenten o uso, o tratamento e a creación de materiais propios dos medios de comunicación ou das redes sociais.	– Desenvolveuse, cando menos, unha actividade que incluía a creación de vídeos ou <i>podcasts</i> por parte do alumnado.
	Introdución da metodoloxía da gamificación no desenvolvemento de actividades de traballo coa información.	– Desenvolveuse unha actividade que implicaba a busca e traballo coa información por parte do alumnado na que se introduciu a metodoloxía da gamificación.
OBX4: Formar ao alumnado no uso autónomo da BE e dos seus recursos e na procura de fontes de información fiables.	Formación dos novos usuarios da BE.	– Ao inicio do curso desenvolveuse unha sesión de formación na BE destinada ao novo alumnado de 1º ESO. – O 75% do alumnado do Centro é capaz de buscar de maneira autónoma os materiais que precisa na BE.
	Formación dun grupo de alumnado voluntario para integrar o equipo de axudantes da BE.	– O 100% do alumnado voluntario recibiu formación sobre como desenvolver as súas funcións na BE. – O 100% do alumnado voluntario sabe localizar fondos na BE e empregar o programa de xestión Meiga.
OBX5: Manter actualizados os fondos da BE e potenciar o uso desta como fonte de lecturas e de información.	Expurgación de fondos obsoletos ou non usados.	– Expurgáronse ao longo do curso un mínimo de 50 exemplares.
	Adquisición de novos materiais atendendo ás necesidades e ás eivas detectadas, así como ás suxestións do alumnado e do profesorado.	– Gastáronse a totalidade das partidas orzamentarias correspondentes a PLAMBE e ao Club de Lectura.

		<ul style="list-style-type: none"> – Renovouse a sección de banda deseñada mercando un mínimo de 20 exemplares novos. – Mantívose na entrada da BE unha caixa de suxestións.
	Catalogación dos novos materiais.	– Catalogouse, como mínimo, o 90% das novas adquisicións deste curso.
OBX6: Continuar coa reorganización do espazo da BE co fin de crear un lugar para provocar experiencias motivadoras con recunchos diversos (lectura informal, traballo individual e grupal, recanto tecnolóxico...).	Adquisición de mobiliario.	<ul style="list-style-type: none"> – Aumentouse o número de postos destinados ao traballo individual e grupal. – Cambiáronse as mesas existentes por outras abatibles e con rodas. – Mercouse unha mesa baixa para a zona de lectura informal e xogos.
	Optimización dos recursos tecnolóxicos.	– Cambiouse ou optimizouse, cando menos, un dos ordenadores destinados ao uso do alumnado.
OBX7: Fomentar o desenvolvemento de iniciativas interdisciplinarias e/ou de proxectos que saian da aula convencionalmente entendida.	Desenvolvemento de actividades interdisciplinarias que engloben varios departamentos ou equipos do Centro e que contribúan ó desenvolvemento das competencias clave do alumnado.	– Desenvolvéronse un mínimo de dúas iniciativas ou actividades interdisciplinarias que englobaron dous ou máis departamentos ou equipos do Centro, sendo un deles a BE.
	Uso da BE como espazo practicable para realizar actividades e como fonte de recursos para o desenvolvemento das materias ou de proxectos interdisciplinarios.	<ul style="list-style-type: none"> – O espazo da BE estivo a disposición do profesorado que o solicitou para a realización dalgunha actividade. – Mercáronse o 75% dos recursos propostos polos distintos departamentos ou equipos do Centro.
OBX8: Fomentar a experimentación do alumnado e a participación en iniciativas culturais.	Desenvolvemento de actividades complementarias no Centro que posibiliten a experimentación por parte do alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> – Desenvolvéronse, como mínimo, dous obradoiros no Centro de distinta tipoloxía (creación literaria, ilustración, ciencia, cociña...). – Os obradoiros estiveron dirixidos a distintos grupos de alumnado.
	Desenvolvemento de actividades complementarias e/ou extraescolares fóra do Centro que posibiliten a participación do alumnado en actividades culturais de diverso tipo.	– Desenvolveuse, como mínimo, unha saída didáctica a outra vila ou cidade para participar nunha actividade cultural (exposición, asistencia ao teatro ou ao cine, roteiro literario...), dirixida, cando menos, a dúas clases.

OBX9: Respetar a diversidade existente no Centro e fomentar a inclusión de todo o alumnado.	Funcionamento da BE como axente de compensación social facilitándolle ao alumnado os recursos necesarios para a súa formación sen que deba mercalos.	<ul style="list-style-type: none"> – Existen na BE un mínimo de 6 exemplares das obras de lectura obrigada fixadas polos departamentos. – Existe na BE equipamento informático con acceso a internet que o alumnado pode usar durante os recreos.
	Mantemento dunha colección de fondos que se adapte ás características e circunstancias do alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> – Mercáronse o 75% dos recursos destinados ao alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe propostos polo Departamento de Orientación. – Mercáronse, como mínimo, 10 obras de lectura en lingua ucráina.
OBX10: Sensibilizar e implicar ás familias no desenvolvemento deste Plan e abrir a BE ao resto da comunidade, a través da difusión das iniciativas realizadas e da organización de actividades que prevén a participación das familias e da veciñanza.	Organización e desenvolvemento de actividades destinadas á consecución dos obxectivos deste Plan que impliquen a participación das familias, da veciñanza e dos órganos da contorna (Concello, Biblioteca Municipal, CEIP...).	<ul style="list-style-type: none"> – Desenvolveuse, cando menos, unha actividade en colaboración coa Biblioteca Municipal. – Desenvolveuse, cando menos, unha actividade en colaboración co CEIP. – Realizáronse, cando menos, dúas sesións de Micro Aberto nas que participaron familias e/ou veciñanza.
	Difusión das iniciativas e actividades realizadas na BE.	<ul style="list-style-type: none"> – Mantivéronse actualizados o blog e a conta de Instagram da BE e publicáronse un mínimo de 3 entradas mensuais.
	Publicación do boletín escolar <i>Sabichómetro</i> .	<ul style="list-style-type: none"> – Publicáronse un mínimo de 2 números anuais. – Difundíronse un mínimo de 10 exemplares de cada número do <i>Sabichómetro</i> polos comercios da vila.
OBX11: Manter unha boa coordinación entre os membros do Equipo da BE e entre este e o resto do Claustro e da comunidade educativa para garantir o bo funcionamento da BE e o aproveitamento das iniciativas desenvolvidas.	Establecemento dunha hora de coordinación semanal do Equipo da BE e asignación de tarefas a cada integrante.	<ul style="list-style-type: none"> – Estableceuse unha hora de coordinación do Equipo da BE e mantívose unha reunión semanal nesa hora. – Asignóuselle, cando menos, unha tarefa específica a cada membro do Equipo.
	Mantemento de xuntanzas periódicas entre o Equipo da BE e outros membros da Dirección e do Claustro para organizar e desenvolver as actividades programadas.	<ul style="list-style-type: none"> – A Coordinadora do Equipo da BE reuniuse mensualmente cun membro da Dirección para tratar cuestións relacionadas coa BE e coas iniciativas levadas a cabo. – O Equipo da BE reuniuse co profesorado doutros departamentos ou equipos para organizar actividades interdisciplinarias.

	Tratamento de cuestións relacionadas coa BE nas reunións da CCP.	– Introducíronse cuestións relacionadas coa BE na orde do día das sesións ordinarias da CCP.
	Desenvolvemento de reunións periódicas da Comisión de Biblioteca ao longo do curso escolar.	– Desenvolveuse, como mínimo, unha sesión ordinaria da Comisión de Biblioteca en cada avaliación.
OBX12: Continuar coa formación do Equipo da BE en materia de bibliotecas escolares.	Participación dos membros do Equipo da BE no PFPP do IES Cabo Ortegal 2023-2024	– O 80% dos membros do Equipo da BE participou, como mínimo, nun grupo de traballo dentro do itinerario de lectura, escritura e tratamento da información.
OBX13: Realizar unha avaliación sobre o funcionamento, os servizos ofrecidos e as iniciativas desenvolvidas na BE.	Realización dunha autoavaliación por parte do Equipo da BE.	– Nas reunións de coordinación semanais analizáronse e valoráronse os resultados das actividades desenvolvidas e suxeríronse propostas de mellora.
	Realización de enquisas de valoración ao alumnado e ao profesorado ao final do curso.	– O 80% do alumnado e do profesorado respondeu a enquisa de valoración. – Elaborouse un informe cos resultados das enquisas, que foi presentado como anexo á Memoria final PLAMBE.

Os obxectivos que se formulan neste Plan pretenden ser comúns para todas as áreas e para facilitar a súa consecución adquiriranse os seguintes **compromisos**:

- Programaranse cando menos tres sesións ordinarias da Comisión de Biblioteca ao longo do curso escolar.
- Nas sesións ordinarias da Comisión de Coordinación Pedagóxica incluíranse como puntos na orde do día aspectos relacionados co Plan de Lectura e co Plan de Biblioteca cando sexa necesario.
- As programacións didácticas das distintas materias incluírán a comprensión lectora como elemento transversal clave.
- O profesorado respectará a Hora de ler establecida no centro para todos os niveis da ESO.
- Os recursos da BE estarán á disposición do profesorado das diferentes áreas para empregarlos na súa docencia.
- A Dirección impulsará, na medida do posible, todos aqueles recursos humanos e materiais necesarios para a consecución destes obxectivos.
- A coordinadora deste Plan será a profesora responsable da BE: Sara Filgueira Lorenzo.

3. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

SITUACIÓN E DEPENDENCIAS DA BIBLIOTECA

O Centro conta cunha Biblioteca de 80 m² situada na planta baixa, próxima á entrada principal e con acceso ao vestíbulo, provista de luz natural en toda a estancia. Dende o comezo da participación do Centro no PLAMBE, no curso 2011-2012, a BE foise renovando no que a mobiliario, pintura e material informático se refire, contando con diferentes ambientes: postos de lectura e/ou traballo individuais e en grupo, zona de xogos, zona de lectura informal, zona de ordenadores e outros equipamentos informáticos, zona de novidades e mesa de empréstito e devolucións. Dispón ademais dun proxector, podendo ser utilizada tamén como sala de audiovisuais. Alén disto, o Centro conta cun espazo para a radio escolar que é empregado para as actividades da BE.

BIBLIOTECAS DE AULA

En todas as aulas da ESO existe a biblioteca de aula. Estes espazos enténdense como seccións da Biblioteca central, xa que os seus fondos son aportados por esta para que o alumnado os poida usar na propia aula baixo a supervisión do profesorado (especialmente durante a Hora de ler) ou levar empréstados. Estas bibliotecas conteñen libros de ficción axeitados aos intereses e características do alumnado da aula na que se atopan, así como documentos de consulta (dicionarios, enciclopedias...).

FONDOS DA BIBLIOTECA

Os fondos da Biblioteca están dispostos seguindo o criterio CDU por orde alfabética, distribuídos en andeis abertos e diferenciados por materias.

A xestión e o préstamo e devolución dos fondos realízase a través do programa informático Meiga. Periodicamente unha copia do catálogo da base datos é enviada ao servidor central da rede de Bibliotecas de Galicia co fin de poder ser publicada en internet.

Cada curso vanse renovando e actualizando os fondos grazas ao orzamento do Centro destinado á Biblioteca, ás compras dos diferentes departamentos didácticos, ás contribucións da Consellería de Educación e, especialmente, aos orzamentos recibidos do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e da participación na convocatoria dos Clubs de Lectura.

Ademais de libros de ficción e non ficción, os fondos da BE inclúen material audiovisual, revistas e outras publicacións e xogos de mesa.

RESPONSABLES DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A BE conta coa figura da **profesora responsable da Biblioteca Escolar**, que ten un labor non só técnico, senón tamén pedagóxico, ofrecendo ao alumnado as oportunidades para o uso axeitado das fontes de información e o acceso á lectura como forma de lecer e medio de enriquecemento persoal. Dende o curso 2020-2021 esta figura recae en Sara Filgueira Lorenzo, profesora do Departamento de Lingua Galega e Literatura.

Existe tamén un **Equipo de apoio da Biblioteca** formado por profesorado de diferentes departamentos, en función da dispoñibilidade horaria do Centro, que traballa en coordinación coa responsable da Biblioteca para conseguir os obxectivos fixados. Este curso forman parte do Equipo de apoio:

- Ana María Bravo Martínez, do Departamento de Lingua Castelá e Literatura
- Laura Ferro Otero, do Departamento de Francés
- David Loureiro González, do Departamento de Lingua Castelá e Literatura
- Noelia Pérez Yáñez, do Departamento de Matemáticas

Tanto a responsable como os demais membros do Equipo teñen dedicación horaria para desempeñar o seu labor.

HORARIO

A BE permanecerá aberta durante os recreos de luns a venres, tempo no que o alumnado pode acudir a estudar, consultar información, usar os equipamentos informáticos e/ou os xogos ou solicitar e devolver fondos. A pesar de que ningún dos seus membros ten unha hora de atención á Biblioteca no recreo do martes, o Equipo organizarase para que a sala estea aberta tamén nese período.

Alén dos recreos, a BE estará aberta para o alumnado nos períodos lectivos nos que os membros do Equipo da BE teñan garda ou cando algún outro docente se faga cargo da súa supervisión. Existe tamén a posibilidade de que o profesorado das diferentes materias empregue a Biblioteca para desenvolver a docencia ou realizar actividades complementarias.

Polas tardes a BE permanece pechada. Non obstante, o alumnado que cursa o Ciclo pode facer uso do servizo de préstamo e devolución se o solicita.

Neste curso 2023-2024 a BE estará atendida segundo o horario que se mostra a continuación:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30 - 9:20			SARA FILGUEIRA		
9:20 - 10:10		SARA FILGUEIRA	SARA FILGUEIRA	SARA F. / NOELIA P.	
10:10 - 11:00		ANA BRAVO	LAURA FERRO	SARA FILGUEIRA	SARA F. / ANA B. / DAVID L.
11:00 - 11:30	SARA FILGUEIRA		DAVID LOUREIRO	SARA FILGUEIRA	DAVID LOUREIRO
11:30 - 12:20	SARA FILGUEIRA	SARA FILGUEIRA	DAVID LOUREIRO	ANA BRAVO	SARA F. / DAVID L.
12:20 - 13:10			DAVID LOUREIRO	ANA BRAVO	
13:10 - 14:00					

Durante estas horas, o Equipo levará a cabo tarefas de xestión e organización de fondos, atención ao alumnado e ao profesorado, formación do alumnado voluntario, xestión de redes sociais, organización de actividades e coordinación, entre outras.

FORMACIÓN DO EQUIPO DA BIBLIOTECA

As circunstancias do Centro, onde a renovación dunha parte do Claustro cada ano é algo habitual, fan que a composición do Equipo da BE mude máis do desexado e, habitualmente, os novos membros carecen de experiencia previa en bibliotecas ou ben teñen unha experiencia limitada, polo que resulta imprescindible levar a cabo unha formación.

Así, nos últimos cursos todos os integrantes dos diferentes Equipos da Biblioteca que se foron sucedendo participaron no Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP). Dentro deste marco, creáronse anualmente distintos grupos de traballo centrados en diversos aspectos relacionados coas bibliotecas escolares, tales como a xestión e catalogación de fondos, o manexo e aplicación da radio escolar ou a dinamización da BE a través da aplicación das novas tecnoloxías, das redes sociais e da gamificación.

Este curso o Equipo da BE volverá participar no PFPP a través da **creación de dous grupos de traballo** dentro do itinerario de lectura, escritura e tratamento da información. Un deles estará orientado á formación do profesorado sobre **estratexias para a dinamización da BE a través do teatro** e o outro á **elaboración do Plan de Lectura** e a súa relación con outros documentos do Centro.

4. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A Biblioteca Escolar organizará, coordinará e desenvolverá ao longo de todo o curso un programa de accións e actividades específicas que permita acadar os obxectivos deste Plan e porá á disposición da comunidade educativa tanto os seus fondos, coma o seu espazo e colaboración para que a realización das diferentes actividades se leve a cabo dun xeito eficaz e programado.

Atendendo ao contexto e ás necesidades detectadas no Centro e seguindo a liña iniciada nos últimos cursos, neste ano 2023-2024 a BE especializarase na temática da **integración das ciencias, as humanidades e as artes**. Baixo esta premisa, elixiuse un lema anual que servirá como pano de fondo das actuacións desenvolvidas durante todo o curso: **“Tecendo soños, camiñando a vida”**. Alén disto, as accións e actividade programadas pola BE buscarán contribuír dunha maneira especial á consecución de catro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 da ONU: **educación de calidade** (ODS 4), **igualdade de xénero** (ODS 5), **redución das desigualdades** (ODS 10) e **acción polo clima** (ODS 13).

ACTIVIDADES PREVISTAS AO LONGO DO CURSO ESCOLAR

Preséntanse a continuación, organizadas por trimestres, as actividades previstas polo Equipo da Biblioteca para este curso, encamiñadas a conseguir os obxectivos descritos neste Plan. Trátase de actividades susceptibles de ser modificadas que se irán perfilando ao longo do ano escolar, pois concíbese esta programación como unha proposta viva que se debe adaptar ás circunstancias do momento para obter un mellor aproveitamento.

PRIMEIRO TRIMESTRE		
ACTIVIDADE	PERSOAS DESTINATARIAS	ORGANIZACIÓN E COLABORACIÓN
Comezo da <i>Hora de Ler</i>	Alumnado da ESO	Biblioteca, coa colaboración de todo o Claustro
Formación de novxs usuarixs	Alumnado de 1º ESO e resto de cursos da ESO	Biblioteca
Continuación da campaña “Adopta un libro”	Toda a comunidade educativa	Biblioteca
Conmemoración do Día das Escritoras	Todo o alumnado de ESO e Bacharelato	EDLG e Biblioteca

Entrega de diplomas ao alumnado voluntario da BE no curso 2022-2023	Alumnado voluntario da BE no curso 2022-2023	Biblioteca
Celebración do Día das Bibliotecas	Toda a comunidade educativa	Biblioteca
A festa do Samaín: recreos de medo, concurso de cabazas e concurso de doces	Toda a comunidade educativa	Biblioteca e EDLG, coa colaboración doutros dptos. didácticos
Comezo dos <i>Recreos de micro aberto</i> (continuación ao longo de todo o curso)	Toda a comunidade educativa	Biblioteca e EDLG
Formación e reparto de tarefas ao alumnado voluntario da BE no curso 2023-2024	Alumnado voluntario da BE	Biblioteca
Inicio do Club de Lectura	Alumnado participante de ESO e Bacharelato	Biblioteca, EDLG e profesorado de varios dptos. didácticos
Mes da Ciencia en galego nas Bibliotecas: IV Concurso <i>En busca do enigma perdido</i> , IV Campionato de Cubo de Rubik e outras actividades	Todo o alumnado	Biblioteca, Club de Ciencias e EDLG, coa colaboración doutros dptos. didácticos
Elaboración dun boletín ou de vídeos con recomendacións literarias e audiovisuais para o Nadal	Toda a comunidade educativa	EDLG, Biblioteca e Dpto. de L. Galega e Lit.
Publicación do boletín escolar <i>Sabichómetro</i> (1º trimestre)	Toda a comunidade educativa e a veciñanza	Biblioteca e EDLG, coa colaboración do alumnado e doutros dptos. didácticos

SEGUNDO TRIMESTRE		
ACTIVIDADE	PERSOAS DESTINATARIAS	ORGANIZACIÓN E COLABORACIÓN
Pasaporte lector (Día dx usuariix das bibliotecas)	Todas as persoas usuarias da biblioteca	Biblioteca
Obradoiro de animación	Alumnado por determinar	Biblioteca e Dpto. de Debuxo
Semana da Muller e a Nena na Ciencia: <i>11F. Ciencia en feminino</i>	Todo o alumnado	Club de Ciencias, Biblioteca e EDLG
Semana do Amor pola Lingua: cita a cegas cun libro	Toda a comunidade educativa	Biblioteca e EDLG
Día de Rosalía	Toda a comunidade educativa	EDLG, Dpto. de L. Galega e Lit. e Biblioteca, coa colaboración doutros dptos. didácticos
Conmemoración 8M	Toda a comunidade educativa	Biblioteca e outros dptos. didácticos ou institucións
Semana da Prensa	Toda a comunidade educativa	Biblioteca e EDLG, coa colaboración dos dptos. de linguas
Día da Poesía	Toda a comunidade educativa	Biblioteca, EDLG e dptos. de linguas
Día do Teatro: actividade no Colexio (contacontos ou dramatización)	Alumnado por determinar	EDLG, Biblioteca e Dpto. de L. Galega
IV Certame intercentros <i>Exeria</i>	Todo o alumnado dos centros convocantes	EDLG de varios centros e Biblioteca
Publicación do boletín escolar <i>Sabichómetro</i> (2º trimestre)	Toda a comunidade educativa e a veciñanza	Biblioteca e EDLG, coa colaboración do alumnado e doutros dptos. didácticos

TERCEIRO TRIMESTRE		
ACTIVIDADE	PERSOAS DESTINATARIAS	ORGANIZACIÓN E COLABORACIÓN
Celebración do Día do Libro	Toda a comunidade educativa	Biblioteca
<i>A autora fala da súa obra</i> (encontro cunha escritora)	Alumnado por determinar	Biblioteca, EDLG e Dpto. de L. Galega e Lit.
Mes das Letras Galegas: difusión da figura da autora homenaxeada, Foliada das Letras e outras actividades	Toda a comunidade educativa	EDLG, Dpto. de L. Galega e Lit. e Biblioteca, coa colaboración doutros dptos. didácticos
VI Concurso de fotografía matemática	Todo o alumnado	Dpto. de Matemáticas, Club de Ciencias, Biblioteca e EDLG
II Certame de Microrrelatos Científicos	Alumnado de ESO e Bacharelato	Club de Ciencias, Biblioteca e EDLG
Realización das enquisas de avaliación da Biblioteca	Todo o alumnado e profesorado	Biblioteca
Actividades do mes LGTBIQ+	Toda a comunidade educativa	Biblioteca
Actividade final do Club de Lectura	Alumnado participante no Club de lectura	Biblioteca
Publicación do boletín escolar <i>Sabichómetro</i> (3º trimestre)	Toda a comunidade educativa e a veciñanza	Biblioteca e EDLG, coa colaboración do alumnado e doutros dptos. didácticos
Elaboración dun boletín ou de vídeos con recomendacións literarias e audiovisuais para o verán	Toda a comunidade educativa	Biblioteca, EDLG e Dpto. de L. Galega e Lit.

Na medida do posible, intentarase completar a proposta anterior con outras actividades que contribúan á apertura da Biblioteca cara ao exterior, tales como charlas divulgativas, actividades de lectura compartida ou coloquios con membros da comunidade educativa (familias, veciñanza), saídas culturais etc.

Alén das actividades previstas para cada trimestre, **ao longo de todo o curso** levaranse a cabo as seguintes actividades de organización e xestión da BE e de dinamización da lectura:

- Reunións periódicas de coordinación entre os membros do Equipo da Biblioteca e outros membros do Claustro e do Equipo Directivo
- Formación do Equipo da Biblioteca
- Selección e adquisición de novos fondos
- Xestión e catalogación de materias
- Expurgación de fondos
- Creación de exposicións temáticas ou conmemorativas, boletíns de recomendacións e/ou guías de lectura
- Dinamización dos novos fondos
- Xestión do blog, da web e das redes sociais da Biblioteca

HORA DE LER

Trátase dunha iniciativa de fomento da lectura que se vén realizando dende hai varios cursos en todos os grupos da ESO. Este ano escolar comezou a semana do 18 ao 22 de setembro e as normas de funcionamento son as seguintes:

- Cada día lerase na sesión que corresponda segundo un calendario trimestral elaborado polo Equipo da BE. A Hora de ler irá rotando ao longo das distintas semanas do seguinte xeito: desenvolverase durante a primeira sesión lectiva todos os días da primeira semana, durante a segunda sesión na segunda semana, e así sucesivamente.
- Dedicarase á lectura entre 15 e 30 minutos da sesión.
- Cada docente poderá levar a cabo a actividade como crea conveniente en relación coa súa materia (pode deixar que o alumnado leve as súas propias lecturas ou propoñerlle unha selección de textos, decidir que se realice unha lectura individual ou compartida, levar a cabo a Hora de ler ao inicio da sesión ou ao final...).
- No caso de que o profesorado non propoña lecturas específicas, o alumnado deberá ter os seus libros, que poden ser propios ou da Biblioteca (tanto da central coma da da aula).

Ao longo do curso, dende o Equipo da BE recordaráselle todas as semanas esta actividade ao profesorado para que participe nela e avalíase o seu desenvolvemento a través dunha enquisa que se lle realizará ao alumnado e ao profesorado no final do curso.

CLUB DE LECTURA

Outra actividade que a BE desenvolve dende hai varios cursos en relación á animación á lectura é o **Club de Lectura *Ortegalendo***, que este ano está coordinado pola profesora Ana María Bravo, membro do Equipo da Biblioteca. Nos diferentes grupos deste Club preténdese, partindo das contornas, vivencias e demandas dos participantes, crear lectores convencidos e competentes, activos e participativos, que reinterpreten as novas sociedades dixitais e da información dende toda a súa experiencia lectora e as habilidades desenvolvidas con elas. Procúrase crear e consolidar no alumnado o hábito da lectura como unha necesidade lúdica e un medio de desenvolvemento persoal e social. Así, as reunións dos distintos grupos constituirán un espazo propenso á experiencia lectora e ao intercambio de opinións.

No momento da elaboración deste documento estanse organizando os diferentes grupos de lectura que integrarán o Club este curso. Actualmente hai apuntados arredor duns 20 estudantes, que se prevé que se organicen en catro grupos. Estes grupos conformaranse en base ás afinidades do alumnado (en canto a gustos e preferencias temáticas, niveis lectores etc.) e estarán dinamizados por profesorado de distintos departamentos aínda pendente de concretar.

Algúns actividades previstas para desenvolver nas reunións do Club son:

- ✓ Dinamizacións e propostas de actividades previas á lectura: actividades variadas de achega ás obras seleccionadas e á súa temática para favorecer o inicio lector
- ✓ Investigación para achegarse ás sociedades, pensamentos e culturas que contextualizan as obras
- ✓ Lecturas compartidas nas xuntanzas
- ✓ Seguimento das lecturas individuais a través das redes sociais
- ✓ Grupos de debate e opinión, que inciten á reflexión crítica sobre as temáticas, actitudes e pensamentos expostos nas obras lidas e á reinterpretación e extrapolación cara ao entorno e vivencias do alumnado
- ✓ Elaboración de actividades escritas, gravación de *podcasts*, creación de produtos audiovisuais e/ou recreacións plásticas e visuais a partir das obras lidas, que contribúan a visualizar as obras e compartir o que se fai co resto da comunidade
- ✓ Encontros con escritoras/es
- ✓ Visionamento de fragmentos de películas ou series, no caso daquelas obras propostas que teñan versión cinematográfica

FORMACIÓN DE PERSOAS USUARIAS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Coma cada ano, ao inicio do curso o Equipo da BE realizou unha revisión e actualización das normas da Biblioteca e deseñou a cartelería pertinente para dar a coñecer estas normas á comunidade educativa, tanto de forma presencial como a través das redes.

Nas primeiras semanas, levouse a cabo tamén unha actualización da formación como usuarios da BE do alumnado da ESO. Nos cursos comprendidos entre 2º ESO e 4º ESO esta formación desenvólverona as persoas titoras, que se encargaron de ler e explicar as normas de uso da Biblioteca na hora de tutoría, incidindo naquelas que supoñen unha variación respecto ao curso anterior. No caso do **alumnado de 1º ESO de nova incorporación ao Centro** levouse a cabo unha sesión de formación específica na propia Biblioteca a cargo da coordinadora da BE para que o alumnado se familiarizara co espazo e co uso da Biblioteca Escolar. Esta formación incluíu as seguintes actividades:

- Charla informal co alumnado sobre o seu concepto de biblioteca, as súas experiencias nelas e a súa relación coa lectura
- Explicación das normas de uso e funcionamento da BE
- Presentación das principais actividades desenvolvidas na BE
- Achegamento ao catálogo dixital, ao blog e ás redes sociais da BE
- Actividade lúdica para aprender como están colocados, organizados e clasificados os fondos
- Entrega dos seus números de lectora/lector

Por outra banda, prevese continuar formando **axudantes de Biblioteca** a través do programa “Voluntariado na Biblioteca Escolar”, enmarcado no programa “Bibliotecas Solidarias” que todos os anos convoca a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Deste xeito, o alumnado implicarase na súa xestión e realizará actividades de formación ao comezo do curso para familiarizarse co manexo do programa Meiga. Asinarase un compromiso co alumnado voluntario e deseñarase un elemento identificador para que as persoas usuarias os recoñezan cando están a realizar as súas funcións nos recreos.

5. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

Ao final do curso avaliarase a consecución dos obxectivos establecidos neste Plan Anual de Lectura e Programa da Biblioteca Escolar, así como o desenvolvemento das actuacións previstas para acadalos e a adecuación das accións realizadas. O resultado desta avaliación reflectirase na Memoria Anual de Centro.

Os mecanismos de avaliación serán os seguintes:

- Seguimento e avaliación por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica e da Comisión de Biblioteca.
- Autoavaliación por parte do Equipo da Biblioteca.
- Heteroavaliación por parte do alumnado e do Claustro a través da realización de enquisas nas que se valorarán a consecución dos obxectivos do Plan.
- Realización de estatísticas de participación do alumnado e profesorado nas actividades (Club de Lectura, Hora de ler...) e sobre o uso dos recursos da Biblioteca Escolar.

6. PROCEDEMENTO DE DIFUSIÓN DO PLAN

Este Plan figura como Anexo I da Programación Xeral Anual do IES Cabo Ortegal, estando a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro no apartado "Documentación: Plan anual".